

Sondaxes arqueolóxicas na «Casa dos Acevedo», no inmoble nº 26 da Praza de García Barbón, Verín (Ourense)

EDUARDO-BREGÁN NIETO MUÑIZ

Ante o proxecto de reforma do nº 26 da praza García Barbón, e de acordo coas cautelas establecidas no PEPRI de Verín, que establece unha cautela de grao I para este predio, planeáronse as preceptivas sondaxes arqueolóxicas.

Historicamente pertenceu esta casa á familia dos Acevedo, tal e como testemuña o brasón partido dos Feijóo e dos Acevedo na fachada. En 1777 describiuse como «*La ilustre casa de los señores Acevedos, emparentados con la casa de Monte Rey, en la que se aposentó, según tradición, Felipe el Hermoso cuando estuvo en esta villa, cuya casa tuvo privilegio de cadenas, y aun existen las argollas*»¹. O texto recolle a crenza do aloxamento do monarca, mais polas características artísticas do predio non se debería levar máis aló do século XVII. Seguramente os feitos fagan referencia a unha fábrica anterior, da que nada resta.

As remocións de terras reflectidas no proxecto arquitectónico centráronse nos puntos de apoio das zapatas para a cimentación da estrutura. Deste xeito, e sendo as únicas remocións de terra previstas, adaptáronse as sondaxes á posición destas.

Este sistema de cimentación fórmano dúas zapatas corridas contiguas en sentido N-S, ademais dun piar para sostén da estrutura da escaleira ao primeiro andar e tres traves de atado. A primeira das zapatas, de 0,75 x 2,70 m, partiu do centro da parede N. Solapada a esta estendiase cara ao S a outra, de 1,25 x 3,74 m. Para ambas as zapatas escavouse unha soa gabia, coincidindo coa sondaxe principal. Na posición do piar illado escavouse un recadro de 0,80 x 0,80 m, uníndose coa gabia principal. Nas traves de atado escaváronse outras dúas gabias de 0,40 x 1,74 m e de 0,60 x 3,50 m.

Escavouse toda a superficie afectada ata o substrato, composto por un nivel de arxila moi duro e compacto, a unha fondura variable entre 0,55 m e 0,98 m. A superficie total escavada foi de 10,24 m², representando unha porcentaxe do 19% respecto aos 54 m² da superficie total interior do predio.


Baixo o lastrado de baldosas actual, correspondente á última reforma de 1970, estendiase unha camada de recheo e nivelación a base de area e cascallo. Este recheo igualou a cota interior coa exterior da praza; anteriormente situábase a 0,40 cm por debaixo, como aínda ocorre en varios baixos de predios veciños. Este piso inferior era de terra e cuberto de sollado, segundo algunhas testemuñas. Baixo este vello firme asomaba unha vella canle pétreo de saneamento contemporánea, percorrendo en diagonal e de W a E todo o




Fachada principal da Casa dos Acevedo

sector N da sondaxe. Afondaba esta a súa gabia de construción ata a arxila natural, destruíndo calquera nivel anterior. No sector S asomaba tamén a base dun muro, desmontado canda a reforma de 1970. Cimentábase este sobre unha alíñación anárquica de grandes perpiños, dispostos en sentido NNW-SSE, cunha anchura aproximada de 1 m. Asentábanse estes tamén directamente sobre a arxila.

No nivel correspondente ao uso destas estruturas, cunha potencia de entre os 5 e os 30 cm, o material exhumado




Plano xeral



Restos arqueolóxicos no contorno

permiúnos distinguir entre as cotas inferiores e as superiores. Nestas, sobre as que se estendería o sollado contemporáneo, recuperamos unha moeda de 5 pesetas de 1957; naquelas o espolio formárono algúns fragmentos de louza de Talavera-Puente del Arzobispo, procedentes da escavación da gabia da canle, que afectou a estratigrafía precedente.

Baixo este nivel que mestura restos contemporáneos e modernos, localizamos un nivel con claras marcas de ocupación. Consiste nun piso terreiro ben nivelado, con leves restos de queimado e unha potencia media duns 2 cm, disposto sobre unha fina camada de preparación a base de sábrego, doutros 2 cm de potencia media. Estendíase este polo sector central da sondaxe, entre a canle e o muro S, relacionándose con el. Entre o material recuperado destaca



Sondaxe central, co piso orixinal

un fragmento de ouriñal con vidro amarelo interior, louza e cerámica común moderna. Para a preparación deste piso foi precisa a nivelación da irregular superficie da arxila natural, reenchida cunha camada de terra cincenta.

Polas necesidades construtivas, o substrato foi rebaixado ata os -1,20 m de fondura. Apareceron así varios cachotes pétreos embebidos nel, talvez desfeitos de construcións anteriores. Entre estes recuperamos tamén algún fragmento de *tegula* e de ladrillo romanos, 3 fragmentos de TSH, 1 fragmento do fondo dunha xerriña vítrea, 2 fragmentos de cerámica común de fábrica manual e pasta moi micéa —que nos leva a horizontes medievais—, e algún outro fragmento cerámico moderno.

Ou sexa, que os restos materiais máis antigos, de horizonte alto-imperial, aparecen en deposición secundaria embebidos na arxila, mesturados con espolio medieval e moderno. Consideramos este momento como a fase I de ocupación, que se tería desenvolvido sobre o propio terreo natural. A heteroxeneidade do material fálanos de aportes de terras esóxenas, ou ben de severas remocións previas á construción do predio en época moderna, destruíndo os niveis inferiores. A unha fase II correspondería a nivelación do substrato, xa con niveis de ocupación clara de inicios do s. XVII, coincidindo coa estrutura orixinal do edificio. A fase III vai xa á época contemporánea, cando a construción do saneamento destrúe os niveis modernos e aparecen os materiais mesturados cos contemporáneos no primeiro aumento de cota do firme interior. Os muros interiores de carga perduraron ata 1970, e foron substituídos por unha estrutura interna de traves de ferro sobre un piar de formigón. Esta xa é a fase IV, aumentando por segunda vez o nivel de cota, lastrándose con baldosa e igualándose co exterior.

Nas gabias correspondentes ás traves de atado localizamos a cimentación dos muros de carga da casa, asentados sobre grandes perpiaños que procuran o asento directamente sobre a arxila natural.

O predio sitúase na confluencia das rúas Maior, Lisa, Cruz e a propia praza Maior —ou de García Barbón—; un cruzamento estratéxico segundo os estudos urbanísticos do Verín romano, a pesar da inexistencia de restos materiais que o confirmen. As únicas estruturas claras de época romana coñecidas ata o de agora son as *tabernae* escavadas por Xusto Rodríguez e Naveiro López en 1993-94 nos nº 21, 23 e 25 da rúa Maior, en fronte da igrexa de Santa María. □

NOTA

¹ *Descrición de los Estados de la Casa de Monterrey en Galicia*, por D. Pedro González de Ulloa (1777), publicado nos Cuadernos de Estudios Gallegos en 1950, no anexo IV, p. 59.